



II CONCURSO PINCHO-TEA DE PONTEAREAS

Pincho-Tea ten o obxectivo de buscar “a mellor tapa de Ponteareas 2024”, destinada a aquela elaboración que mellor represente os valores do concurso, incentivando a mellora continua da oferta gastronómica e, á súa vez, reforce a oferta de turismo gastronómico como elemento diferencial.

1. Entidade organizadora

O Concello de Ponteareas convoca a segunda edición do CONCURSO PINCHO-TEA DE PONTEAREAS co obxectivo de presentar a nosa mellor oferta de tapas de calidade, así como a promoción do turismo gastronómico.

2. Participantes

A participación no concurso é libre e non xera gasto ningún de inscrición para os establecementos participantes. Poderán tomar parte no concurso os establecementos de hostalería situados en Ponteareas.

3. Categorías

Establécense dúas categorías no concurso. Un mesmo local poderá participar nas dúas categorías, pero terá que haber diferenza de prezo dunha elaboración a outra. As categorías son as seguintes:

- **Cociña en miniatura** (máis elaborada). Entenderase como “cociña en miniatura” o prato que conteña unha receita de cociña elaborada (salsa, presentación etc.) e na que se utilizarán dúas ou máis técnicas culinarias (salteado, asado, frito, pochado, gratinado etc) e presentada para consumo con cuberto.

- Os ingredientes de cada pincho son de libre elección polo local participante. Usaranse produtos de proximidade con certificación de calidade alimentaria galega, IXP ou DO galega, ou alimentos producidos no concello de Ponteareas.
- O límite máximo de PVP (prezo de venda ao público) será de **tres euros (3 €)**.

- **Pincho Taverneiro** (elaboración máis básica, mesmo pincho frío). Entenderase como “Pincho Taverneiro” a combinación equilibrada en sabor e estética de varias porcións de comida (sobre unha rebanda de pan) que poida ser consumida en tres ou catro bocados, e non se admitirán medias racións de pratos de restaurante.

- Os ingredientes de cada pincho son de libre elección polo local participante. Usaranse produtos de proximidade con certificación de calidade alimentaria galega, IXP ou DO galega, ou alimentos producidos no concello de Ponteareas.

DALMACIO VÁZQUEZ TRONCOSO (1 para 2)
Data de Sinatura: 09/10/2024
HASH: 3ed7eac073aa1a50d8b0c331642776



Ricardo González Alonso (2 para 2)
Data de Sinatura: 09/10/2024
HASH: eef1a546942c38269f86213c364a90



Cod. Verificación: P63A09W470JEF55M4
Corrección: <https://ponteareas.gad.mt/verificar/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

- O límite máximo de PVP (prezo de venda ao público) será de **dous euros con cincuenta céntimos (2,5 €)**.

4. Fase de inscrición

- Os participantes do concurso serán establecementos de Ponteareas.
- Os establecementos que queiran participar deberán enviar un correo electrónico co asunto “INSCRICIÓN PINCHO-TEA” ao enderezo electrónico comercio@ponteareas.gal, no que se indique o nome do establecemento, teléfono e persoa de contacto para o concurso ou contactando telefónicamente ca **concellería de Comercio no teléfono 673855422**
- Datras de inscrición: **do 9 ao 15 de outubro**.
- Unha vez realizada a inscrición, facilitaráselles unha ficha de datos para que o establecemento participante envíe unha foto do pincho e unha descrición da súa elaboración, antes do 17 de outubro, para subir á web. <https://pinchotea.ponteareas.gal>.

5. Datras, ámbito de participación e prezo

- Os locais participantes comprométese a servirllle a súa tapa participante á clientela, do 24 de outubro ao 10 de novembro.
- As tapas serviranse os xoves, venres e sábado, en horario de 19.00 a 21.30 horas, e o domingo en sesión vermú, das 11.00 ás 14.30 h.
- Poden participar no concurso de forma gratuíta todos os establecementos de Ponteareas.

6. Xurado e fallo

O xurado estará formado por profesionais do sector, do ámbito educativo (centro docente EFA A Cancela) e tamén poderá formar parte algún/algunha cociñeiro/a de renome.

O xurado visitará cada local para realizar o informe de valoración. O prato será explicado, mencionando o nome do prato e a súa composición, por un/unha representante do local o día da avaliación.

Os pinchos que valore o xurado serán por conta do establecemento participante.

A clientela que probe as tapas indicará, a través do código QR de cada local, a súa opinión sobre cal é o mellor pincho popular.

7. Premios aos locais

Na categoría de “Cociña en miniatura”, concédese o “**Premio Pincho-Tea á mellor tapa Ponteareas 2024**”, que constará de primeiro, segundo e terceiro premio. O primeiro “Premio Pincho-Tea á mellor tapa de Ponteareas 2024” recaerá naquela elaboración que mellor represente



os valores do concurso; isto é, que incentive a mellora continua da oferta gastronómica e reforce a oferta do turismo gastronómico.

Na categoría de “Pincho Taverneiro”, concédese un único premio, o **“Premio Pincho-Tea Camiño de Ignacio Taverneiro 2024”**, que recaerá no mellor Pincho Taverneiro.

O local gañador do Primeiro “Premio Pincho-Tea á mellor tapa de Ponteareas 2024” recibirá, ademais, un recoñecemento en forma de trofeo ou diploma, ademais dun agasallo que se desvelara o final do concurso.

8. Agasallos ao público

Realizarase un catálogo cos diferentes agasallos doados polos locais participantes e polos patrocinadores, **valorados en máis de 6000 €**. A forma de participar é a seguinte:

- Nos locais participantes, cada clienta/e recibirá unha tarxeta. Nesta acreditarase un mínimo de **5 selos de diferentes locais**, e cubriranse os datos persoais e de contacto (nome apelido e teléfono), que terán que depositarse nas urnas repartidas polos locais.
- Unha vez finalizado o concurso, o día do acto de comunicación do local gañador, levarase a cabo o sorteo dos diferentes agasallos, que se realizará extraendo as tarxetas dunha urna.

9. Patrocinadores

- Os locais participantes poden buscar dentro dos seus provedores aqueles que queiran patrocinar a actividade con premios destinados ao público participante, do mesmo xeito que os propios locais poden doar o agasallo que eles consideren para sortear entre o público.

10. Normas

II CONCURSO PINCHO-TEA DE PONTEAREAS

- Os locais participantes comprométense a fomentar que o público cubra as tarxetas de participación que dan acceso a agasallos e a potenciar activamente nas súas redes, ou medios, o Concurso Pincho-Tea de Ponteareas.
- Terán que ter, de xeito visible á clientela, o cartel identificativo (PINCHO-TEA) na entrada ao local, así como as tarxetas de participación e as urnas para depositar a tarxeta de participación do público.
- Os establecementos participantes poderán ser requiridos para didundir a marca “Ponteareas Gastronómico” en diferentes accións promocionais que determine o Concello de Ponteareas.

11. Decálogo e criterios de puntuación

Co obxectivo do mellorar a oferta e competitividade da cociña en miniatura, o concurso perséguese promover unha cultura do pincho, sustentada no seguinte decálogo:




- **Tamaño xusto para máximo sabor:** o pincho é alta cociña en miniatura. Tres ou catro bocados condensan todo un mundo de sabores, matices e texturas.
- **Feito en casa:** un pincho debe estar elaborado de forma artesanal na cociña do establecemento e con persoal cualificado, seguindo o saber facer tradicional.
- **Vangarda:** o pincho debe destacar pola súa creatividade e vangarda.
- **Personalidade:** o pincho debe pór en valor a personalidade e identidade do establecemento.
- **Frescura:** os pinchos, tanto os quentes coma os fríos, deben estar elaborados no momento.
- **Compromiso co produto:** o pincho debe apostar polo produto fresco, de proximidade e de tempada.
- **Profesionalidade no servizo:** o servizo do establecemento de pinchos debe garantir a limpeza, orde, seguridade alimentaria, atención amable e respectuosa e un servizo áxil e experto.
- **Información clara e á vista:** o pincho debe ofrecer unha adecuada e coherente relación calidade-prezo. Á súa vez, débese expoñer de forma clara o seu prezo e ingredientes.
- **Á nosa maneira:** o establecemento debe impulsar a ruta do pincho e o consumo na barra.
- **Convivencia e cultura local:** o pincho forma parte da nosa identidade e constitúe un pequeno tesouro que preserva unha tradición de décadas.

En concreto, e tomando en consideración o referido decálogo, o xurado valorará os pinchos candidatos, con base nos seguintes criterios:

- **Sabor:** gusto, retrogusto, contraste e matices **(40 puntos)**.
- **Innovación ou vangarda:** novidade da proposta, enxeño e orixinalidade **(30 puntos)**.
- **Presentación:** montaxe, colorido, espectacularidade e disposición do pincho candidato **(20 puntos)**.
- **Aplicación comercial** do pincho candidato **(10 puntos)**.
- **Utilización do produto** local para a elaboración do pincho candidato **(20 puntos)**.

12. Aceptación de bases

A participación no concurso supón a total e plena aceptación destas bases. A organización esta facultada para dirimir calquera eventualidade non prevista neslas e terá, así mesmo, capacidade para resolver sobre aspectos non recollidos nestas.



Ponteareas, 09 de outubro de 2024

Ricardo González Alonso
Concelleiro de Comercio



Cod. Validación: P63ALDW432R-JEEJ5N4LUPJSMX
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5